

# TERRA e TEMPO

número especial



união do povo  
6969

## *NOTA LIMIAR*

*Estes testos que hoxe presentamos a todo o pobo galego non teñen un caráter definito. Son un primeiro esbozo do que nós pensamos que debe ser a revolución galega e o camiño que debemos recorrer pra acadarmos a liberación nacional e social da nosa Terra.*

*Estamos certos de que nestas páxinas teránse deslizado inexactitudes e pode que errores. Tamen sabemos que haberá nelas insuficiencias debido a un inexacto coñecemento da realidade galega ou tamen debidos a deficiencias do noso análisis sobre desta realidade.*

*Agradeceremos, pois, todas as críticas e aportacións que se nos faigan tanto por persoas coma por organizacións que compartan as nosas arelas e que queiran participar na loita por unha Galicia libre e socialista.*

*U. P. G.*

**TESTOS  
PROGRAMATICOS  
DA UNION  
DO POBO CALEGO**

## OS DEZ PUNTOS

### 1. GALICIA E UNHA NACION E COMO TAL TEN DEREITO A SUA AUTODETERMINACION

A U.P.G. é o partido nacionalista de Galicia e, neste punto, sigue a doutrina de Castelao en « Sempre en Galiza ».

Decimos que Galicia é unha nación porque nela danse todas as condicíos esixidas pra que unha comunidade de homes constitua unha nación. Somos unha unidade étnica, lingüística, cultural, xeográfica, económica. Somos, polo tanto, unha *nación*. non constituímos, non embargantes, un *estado*. Unha nación pode estar dividida en dous estados (Vietnam, Corea, Alemania) e pola contra, un estado pode estar integrado por varias naciós recoñecidas, libres e autodeterminadas (Unión Soviética, Yugoslavia). O caso de Galicia é o de unha nación anexionada (históricamente pola forza) a un estado chamado Hespaña que non reconoce a sua esistencia i exerce contra dela un imperialismo e un colonialismo secular, do mesmo xeito que o fai contra Euzkadi e Catalunya. Nós non pretendemos nin queremos que Galicia seña unha nación. Galicia xa é unha nación. Queremos somente darlle a Galicia o nome que lle corresponde en boa lóxica. E ademais queremos que Galicia exerza o dereito que lle

corresponde a toda nación en boa democracia : o dereito dos pobos á sua autodeterminación.

A mellor e mais sensata definición de nación foi feita por Stalin (« O marxismo i o problema nacional »). Pra o líder e autor soviético un grupo humán é nación, cando se dan nel as seguintes condicíos : ter idioma e territorio propios, unha economía propia e uns hábitos sicolóxicos particulares que se refreixan nunha comunidade de cultura. Nós estamos seguros de que Galicia posee un idioma e un territorio propios, unhas necesidades económicas diferentes ás do resto do mundo (xa que constituímos unha rexión xeo-económica moi clara) ; e, non hai duda, temos unha sicoloxía, unha maneira de nos comportar propia, de xeito que calquera persoa non galega decátase da esistencia dun «caraite», dunha «maneira de ser» galega que contrastan vivamente cas do resto de Hespaña. Esta sicoloxía especial foi capaz de producir unha cultura orixinal e unha riquísima literatura. Somos, xa que logo, unha nación.

A U.P.G. non é rexionalista. A *rexión* é hoxe un conceito estritamente económico ou xeo-económico. A xeografía e a teoría do desenrollo rexional utilizan profusamente este término. Unha rexión é unha unidade xeo-económica dentro da cal as semellanzas son meirandes que as diferencias, coas realidades en torno. A rexión Galaico-Duriense (que comprende Galicia e o norte de Portugal) é unha clara mostra de *rexión*. O val do Guadalquivir constiui unha rexión. Catalunya está dividida en duas rexións (A Costera-Catalana e o Val do Ebro). Independentemente do factor rexional, é evidente que a nación galega utiliza os re-

curtos de unha parte (o norte do Miño) da rexión Galaico-Duriense ; que o Val do Guadalquivir, « rexión perfeuta », non é unha nación, e que Catalunya, si que o é, a pesares de estar dividida a sua vida económica en duas rexións (ou en catro, si contamos a zona pirenaica e a zona industrial de Barcelona). Nós non podemos, pois, sermos rexionalistas. O rexionalismo e as teorías do desenrollo rexional poden conducir—como medidas teinocráticas e neoliberás—a crear unha descentralización que favoreza un florecimento novo e armónico do capitalismo en toda a estensión do actual Estado hespñol. Pero a U.P.G. (ademaís de ser unha forza enemiga da teinocracia, do neoliberalismo e do capitalismo) non se satisfai con que a administración de Hespaña se descentralice, ou con que a economía hespñola se rexionalice. A U.P.G. declara que as arelas de Galicia soio serán satisfeitas cando o noso pobo escolle libremente o seu destino e, de escoller a federación cos outros pobos da actual Hespaña e Portugal, somentes o fará mediante unha federación libremente paitada por cada unha das partes : Galicia, Euzkadi, Portugal, países Catalás e Castela.

A base xurídica da nosa postura está no dereito á libre autodeterminación dos pobos establecido no dereito internacional e na Carta das Naciós Unidas. Si Galicia é unha nación ten dereito a decidir do seu destino ; unida ou separada como millor lle pareza. A U.P.G., non embargantes, deseja que o futuro de Galicia estea unido ó das restantes nacionalidades Peninsulares i Europeas, sempre e cando a tal Unión Europea estea constituída como unha democracia popular — a única

que nós aceitamos — e baixo o signo de socialismo. Como nacionais revolucionarios rexeitamos o patriotismo burgués hespñol e o patriotismo europeista. Quede claro : non queremos unha Europa na que o vello chovinismo nacional seña sustituído pola teinocracia capitalista ou polo novo nazismo europeísta. Queremos ser o pior enemigo do europeísmo nazi e do europeísmo capitalista do Mercado Común. Nós queremos unha Europa socialista e democrático-popular, adicada a axudar a revolución nos países asoballados de todo o mundo, a favorecer o progreso de todos os pobos i en diálogo con todas as culturas.

O noso programa non é unha síntese de nacionalismo e socialismo. Somos nacionais porque somos revolucionarios. O noso socialismo supón o nacionalismo. Pero do memo xeito e dada a especial contestura da nación galega, o noso nacionalismo soio é posibel como socialismo. Por esta razón estamos cos pobos que loitan pola liberación en todo o mundo. O internacionalismo proletario é un principio fundamental do noso nacionalismo e condenamos os que, invocando o marxismo tracionan cada día o internacionalismo. Galicia, o corazón da U.P.G. (e si tivera poder dabondo, o seu brazo) está cos labregos e obreiros de todo o mundo (ver *Terra e Tempo*, nº 5 Leuter Bembo, «Nacionalismo e internacionalismo revolucionario»). O noso nacionalismo é herdeiro do vello e glorioso Partido Galeguista. Pero temos boas razós pra tratar de afastarnos da sua línea burguesa e idealista. A razón suprema é que os que mantefén as nosas características nacionais non son os burgueses galegos, sinón os proletarios, os labregos e os marifeiros de Galicia. A diferencia de outras naciós sometidas polo centra-

lismo Castelán, Galicia carácterízase porque a sua burguesía renunciou a manter as características nacionais. Ademais, esta burguesía é, moitas veces, de orixe alleo ó país. Pola contra, o duro e sufrido pobo galego permaneceu fidel á sua terra e á sua nacionalidade. Por estas razóns, o pobo galego non respondeu con rapidez e decisión ó vello nacionalismo galeguista : porque era un nacionalismo burgués. O pobo galego non é galeguista na medida que o galeguismo non é popular, esto é, revolucionario e socialista. Por este motivo os aituás galeguistas burgueses adoutan un vago rexionalismo que o vello Partido Galeguista e Castelao tiñan totalmente rexeitado. As suas aspiracións non poden ir moi lonxe pois non teñen o apoio da sua propia clase — a burguesía — e saben que unha forte politicización e movilización do pobo galego acabaría cos seus privilexios. Soio o nacionalismo da U.P.G. é posibel en Galicia, porque é o nacionalismo revolucionario, o nacionalismo dos traballadores, o nacionalismo das masas populares.

## 2. O POBO EXERCERA O PODER EN GALICIA

Nós aspiramos a que o poder sexa exercido en Galicia polos seus estamentos sociais de base : proletarios, labradores e mariñeiros. Sabemos que este «poder dos traballadores» estará respaldado polos millores intelectuais e técnicos do país e, tamén por un enorme seitor de pequenos propietarios. Pero as nosas masas, as que levarán algún día o peso do poder son as obreiras das vilas, as campesinas das aldeas e as mariñeiras do litoral. Esto é, o 90 % da poboación de Galicia. A U.P.G.

está ó servicio dos seus intereses, por eso é unha forza marxista de esquerdas. A U.P.G. está empeñada, pois, nunha loita cuio fin é que o poder sexa exercido polo pobo.

No apartado denanterior declarámmonos nacionalistas. Agora compre aclarar que o noso nacionalismo endexamáis nos levará a aceitar unha Galicia nacional pola sua forma e burguesa pola sua estroitura (ver «Constitución da U. P.G.»). Nós queremos que Galicia sexa unha democracia popular, entendendo por tal, un país gobernado polo pobo e non pola burguesía como ocorre nas democracias liberales...

Creemos con Carlos Marx, que o estado é *sempre* un instrumento de opresión dunha clas sobre de outra. As chamadas democracias-liberais son un instrumento de opresión nas mans da burguesía contra os traballadores. Enporiso nos queremos instaurar en Galicia unha democracia popular que sexa un instrumento de opresión das clases traballadoras contra a burguesía. Pensamos que soio así poderemos chegar a unha Galicia non dividida en clases. Pra lograr un país sin clases o único camiño e facer desaparecer a clas condenada pola Historia á desaparición : *a burguesía. Todo Estado é unha dictadura*, un órgano que limita a liberdade humán, un instrumento alleante que, nunha etapa futura, haberá que eliminar da humanidade. Pero entretanto, temos que utilizar o Estado pra destruir ós nosos enemigos de clas : os capitalistas.

Traballamos, pois, por unha Galicia dona do seu estado (ver *Terra e Tempo*, nº 1 «No nome de Castelao»), o que ten o mesmo que decir, por un estado galego propiedade dos traballa-

dores... A U.P.G. considera, pois, que a democracia popular que se instaure en Galicia terá que empregar dous métodos. Como dixo Mao Tsetung («Discurso de clausura na II sesión do Primeiro Comité Nacional da Conferencia Consultativa do Pobo Chino» 23 xunio 1950) da sua dictadura popular-democrática : «Cos enemigos, emprega a dictadura, esto é, non lles permite, polo período que sexa necesario, participar en aitividades políticas e obrígalles a obedecer as leises do Goberno Popular, a traballar e a transformarse, mediante o traballo, en xente nova. Co pobo, pola contra, emprega a democracia e non a coacción ; esto é, permitelle participar nas aitividades políticas e non lle obriga a facer esto ou aquello, sinón que o educa e persuade por medios democráticos».

Falase eiquí de enemigos contra quen hai que dirixir a dictadura. Estes enemigos son os capitalistas e más todas as xentes de ideoloxía feixista ou antisocialistas. O pobo considerará a esta minoría da nosa poboación como enemigos do orde público. Do mesmo xeito que o Estado persigue e priva dos dereitos cívicos ós ladróns, traficantes de drogas, esplotadores da muller, asesinos, etc., tamen o fará con quen desenrole aitividades que vaian contra os intereses do pobo, esto é : do 90 % da poboación. Ademáis a forza e a violencia, fairoles non democráticos, terán que ser empregados polo pobo no intre do asalto ó poder burgues. Nin o imperialismo U.S.A., nin a reacción hespañola, permitirán nunca que Galicia pase ó socialism por vía pacífica. Por eso, a U.P.G. considera que a forza e a violencia teñen de ser empregadas pra que o noso país ingrese no

luminoso futuro do socialismo. E, unha vez ocupado o poder por o pobo a violencia poderá tamen exercerse contra as forzas esteriores a Galicia que pretendan destruir o socialismo por vía imperialista e agresiva. Tal e como está hoxe o mundo, a batalla contra o imperialismo é mundial e debe ser causa dos revolucionarios de todo o mundo, como ben dixo Che Guevara na sua comunicación á Tricontinental. Xa que logo, unha vez ocupado o poder, a nosa forza e a nosa violencia poderán exercerse tamen fora das nosas fronteiras, na defensa de outros pobos que loiten pola sua liberación.

Pero xa que dixemos que o noso sistema futuro será a democracia popular, imos precisar algunas das condicións que a U.P.G. eisixe a tal situación :

1) O goberno estará exercido polo partido dos traballadores de Galicia : a *Union do Pobo Galego*. Esto non quer decir que a U.P.G. non poida unirse ou federarse con outros partidos esquerdistas que persigan a transformación revolucionaria da nosa realidade. En canto ós burgueses, gozarán do dereito de asociación e de liberdade de expresión, pero serán desposeídos das suas riquezas e dos seus medios de produción. Neste senso, as confesións relixiosas serán tamen desposeídas das suas riquezas e os seus ministros terán as obrigas de calisquer cidadán, ainda que poderán facer calisquer clas de aitos de culto, e o Estado cederalles, a petición, o uso das igrexas, e poderán aprender ós fillos dos creentes que o desexen, as suas doutrinas respeitivas.

2) O Goberno do Pobo coidará de poñer en marcha un sistema de pedagogía política que lle permita o ciudadán coñecer a ideoloxía e os matices e direccións diversas da Revolución, as cuestións esenciais da economía e o mecanismo do aparello estatal. Esta vasta politicización popular terá como órganos os círculos de discusión libre que se establecerán en cada unidade produtiva (sección de fábrica, barco, parroquia rural, cooperativa, comuna, facultade, etc.). Esto convertirá a Galicia nunha grande ágora libre e democrática.

3) O pobo terá o control direito sobre do aparato represivo do Estado (exército, policía, etc.). Como nós pensamos que o socialismo só se pode implantar mediante unha loita armada de liberación, o exército será un organismo popular nacido desa mesma loita. A democracia interna do exército popular é algo imprescindible. Por eso o Goberno e as masas controlarán os seus xefes especializados, introducindo un constante traballo político no seno de cada unidade.

Terminamos decindo que a democracia — o goberno do pobo — non pode cristalizar nunha institución determinada, sinón que debe ser un método dinámico e progresivo. Lonxe de ser un sistema establecido a democracia é un proceso. Por eso a U.P.G. proclama a necesidade dunha participación cada volta meirande das masas no labor de Goberno, basada nun sistema pedagóxico orientado á crecente participación popular e á crecente consciencia histórica do pobo. O final deste vasto proceso será a supresión da democracia porque o mesmo Estado terá desaparecido. Esto ocurrirá cando en todo o mundo triunfen o

socialismo e a democracia tal e como nós os entendemos. Pero antes de todo esto, o pobo exercerá o poder en Galicia mediante a democracia popular e imponerá o sistema socialista de producción.

### 3. OS MEDIOS DE PRODUCCIÓN DISTRIBUCIÓN E CRETO PERTENEZEN O POBO

A U.P.G. loita polo sistema socialista. Pretendemos que o pobo recolla o que é seu. A propiedade dos medios de producción, distribución e creto está hoxe nas mans da burguesía galega e dos imperialistas non galegos que tratan a Galicia como unha colonia (ver «Embalse non, xusticia si» e *Denuncia* num 2, ambos contra o trato colonial que lle deron FENOSA e o Réxime feixista ós labregos de Castrelo de Miño). A U.P.G. declara que eses bens pertenecen ó pobo e que deben pasar as maus do pobo.

A democracia popular sería unha illusión si o poder político e militar non estivera unido ó económico. A U.P.G. é, pois, socialista e identifica a democracia popular co socialismo.

O socialismo da U.P.G. ten por oxetivo suprimir o traballo alleado (e a plusvalía) que é consecuencia da propiedade privada dos medios de producción. Ou o que é o mesmo : a U.P.G. nega o dereito a mercar o traballo alleo. As reivindicacións socialistas da U.P.G. non se satisfan con melloras de salarios nin mellorando as condicións de vida do pobo (tal e como as concibe o capitalismo en todas as suas formas : como posibilidade de consumo). Pola contra, a U.P.G. coida que o traballo asalariado é un xeito

de escravitude e que, mentres subsista, non é posíbel o desenrollo libre e normal da persoalidade humán.

Pra que o traballo chegue a ser traballo liberado é preciso un longo proceso de transformación da economía e da totalidade da vida humán, cuia condición indispensábel é que os medios de producción sexan propiedade do pobo.

#### **4. A COLEITIVIZACION DO AGRO COMENZARA CUNHA ETAPA COOPERATIVA COMO FASE PREVIA A FORMAS MAIS DESENROLADAS DE SOCIALIZACION**

Galicia é un país agrícola e a meirande parte da sua poboación está formada por pequenos campesinos cuyas condicións de vida son, na maioría dos casos, peores que as do proletariado. A U.P.G. concentra a sua atención dun xeito especial no problema do minifundio e pretende — como condición más importante pra facer a revolución en Galicia — despertar ós labregos galegos do seu letargo económico, político e cultural. O pequeno labrador é o núcleo da poboación galega e a sua mobilización será a base do futuro socialismo. Respeito dos pequenos campesinos a postura da U.P.G. esprésase nos seguintes puntos :

1) Na medida en que non esplotan traballo alleo o Estado socialista non debe espropriar os seus bens de producción. Tam pouco pode obrigalos a se coleitivizaren pola forza.

2) O Estado socialista ten que se apoiar neles o mesmo que nos obreiros. Esto é tanto máis importante canto más grande é a participación destes pequenos propietarios na composición da poboación do país.

3) O modo de produción destas clases é pouco rentábel e, pola sua condición económica, non están capacitados pra introduciren nas suas esplotacións os avances da téinica que eisixen grandes inversións e unha división téinica do traballo ; esto é : convertírense en empresas dunha meirande emplitude.

4) O Estado socialista debe facilitar a estes seítors os medios pra melloraren a sua forma de produción.

5) A mellora da produción ten como consecuencia inmediata a coleitivización, si se mantén o principio de non apropiación do traballo alleo.

6) O Estado socialista ten a misión de convencer ós pequenos propietarios rurales das ventaxas da coleitivización e de facilitarles os medios pra realizala dun xeito progresivo en beneficio, non soio destes seítors sinón tamen da totalidade da poboación.

7) A formación de cooperativas de produción e comercialización é o paso inicial, pois, pra estes seítors.

Dada a difícil situación do campo galego carakterizada polo minifundio miserábel, a falla de maquinaria, abonos e cultivos

racionais (que dado o pequerrecho das leiras non poden seren plenamente utilizados sin unha previa ordeación en unidades superiores) e a tendencia do campesiño á economía de circuito fechado ; a coleitivización é o labor máis urxente de calisquer sistema que se preocupe, por pouco que seña, da sorte dos nosos labradores.

A reforma máis moderada posíbel é a cooperativización dos pequenos propietarios. A cooperativización será, xa que logo, a base operativa do programa agrario da U.P.G. Esto non quer decir que vaimos a obrigar pola forza ós campesiños a formaren cooperativas. Nós pensamos que eles non se van opoñer a estas medidas. Coidamos, pola contra, que o chamado «espiritu rutinario» e a chamada «desconfianza» do labrego son aitudes moi lóxicas ocasionadas polo abandono i o engano secular de que ten sido (e segue a ser) vítima este seitor básico de Galicia. O labrego, chegado o momento, saberá distinguir o que lle conven e o seu «espiritu reacionario» non é de ningún xeito tan grande como o dos que se apoian neste tópico pra evitaren o comunismo campesiño.

Tendo ademáis en conta que a solución tradicional da miseria do minifundista consiste na emigración ca subseguiente transformación do labrego en obreiro asalariado nun país estrano e nunha aitividade económica que inicialmente descoñece, non parece imposíbel nin improbabél que os campesiños estean dispostos a se convertiren na sua propia terra en obreiros do Estado. No intre en que os campesiños estean dispostos e o

Estado capacitado pra dirixilo, as cooperativas de produción transformaránse en cooperativas de traballo, en empresas agrícolas estatais.

## 5. A PEQUENA EMPRESA E MAIS A INDUSTRIA ARTESANAL SERAN CONCENTRADAS EN UNIDADES PRODUCTIVAS SUPERIORES

A política da U.P.G. con respecto a produción artesánrixese polos mesmos principios que a que se sigue cos pequenos campesiños e cos pequenos mariñeiros do «minifundio da pesca». Tratarase, pois, de aumentar o rendimento mediante fórmulas asociativas que permitan introducir as ventaxas (ou unha parte delas) da produción industrial sin convertir estes seítors industriás en asalariados, permanecendo, nunha primeira etapa, no marco da pequena propiedade. Esto é, do cooperativismo. Fomentaremos, pois, o cooperativismo artesán e mariñeiro, do mesmo xeito que o labrego. Enténdase, non embargantes, que a nosa intención é chegar (cubrindo todas as etapas e ó ritmo máis aconsellábel) á total coleitivización da produción. O camiño desta coleitivización debe ser distinto pra os seítors artesáns e pra os obreiros. Cada estamento humán ten os seus carraíteres e nós atuaremos en consecuencia. Por outra banda, a U.P.G. non considera preciso impoñer a coleitivización nos seítors pequeno-burgueses do mesmo xeito que nos campesinos. Esiste unha grave contradición entre os proletarios e os capitalistas. Nós solucionarémola desposeendo ós capitalistas. Despois existen, no seno do pobo, outras contradicións entre pequenos

agricultores, pequenos propietarios mariñeiros, pequenos propietarios, artesáns e mais o proletariado. Existe ademais, a tradición fundamental que opón a todo o pobo (composto polos seítors devanditos) co sistema capitalista burgués.

A U.P.G. coida que pra levar a cabo a coleitivización destes seítors hai que partir de dous principios firmes. Un, basado no progreso teinolóxico, que proclama a necesidade de concentrar as pequenas industrias en unidades modernas, grandes i eficaces. Outro, basado no socialismo científico, que nega o dereito de un home a mercar o traballo de outros homes. Segundo o primeiro principio o Estado favorecerá a unión dos artesáns en forma cooperativa, respetando a propiedade das aportaciós individuás. Estas empresas así formadas, por concentración, tenderán a millorar a sua producción e a afastar do traballo ós seus propietarios. Neste intre, a man de obra inicial — constituída polo artesán, a sua familia e un pequeno número de oficiales e aprendices — comenzará a estar totalmente formada por asalariados, namentras que os antigos artesáns pasarán a dirixir a empresa e a beneficiárense do seu rendimiento. Esto é, o artesán pasa a ser un burgués que deixa o banco da motora, o serrón de carpinteiro ou o mostrador da tenda, por un confortábel sillón no consello de ademanistración da cooperativa. Entón é cando, apricando o segundo principio que nega o dereito a mercar o traballo alleo, o pobo, o Estado, apropiaránse da empresa cooperativa e os artesáns que a constituíron pasarán á categoría de directores técnicos ó servizo do Estado. Veleiquí como a xestión artesán será fundamental na construcción da

futura Galicia socialista e como estes seítors son tan importantes pra o desenrollo eficaz e armónico da nosa sociedade.

E non se trata de facer unha maniobra de engaño nin unha trampa. A U.P.G., dende sempre, falou claro e seguirá falando. Os pequenos empresarios e artesáns aceitarán as ventaxas do socialismo e da coleitivización porque lles interesa. Saberán que desempeñando a función devandita na edificación do socialism, o seu estilo de traballo e a sua preparación profesional levaraos a postos de dirección, mentres que ca aitual evolución do desenrollo capitalista terminarian sendo absorbidos pola grande empresa, polos monopolios, rematando fatalmente na proletarización. No máis profundo da sicoloxía artesán non está — ainda que o pareza — a pasión da propiedades sinón o desexo de seguridade familiar e de continuidade no traballo. Esto atoparánno no socialismo, mentres que a concentración capitalista os levaría a sua desaparición como seitor e a destrución de sua obra persoal, sin as ventaxas que lles ofrece a coleitivización.

En consecuencia, a política da U.P.G. no que fai á pequena empresa está basada nos seguintes puntos :

1) O feixismo e sostido polas clases medias e a pequena burguesia. Collidos entre o proletariado e mais o capitalismo, estes seítors atopan no Estado totalitario unha forma de subsistencia. Este é o orixen do aitual Estado hespánol, consecuencia dunha insurrección militar apoiada polas clases medias.

2) A pesares de que o feixismo pode ser considerado como unha fórmula de clases medias de feito soio constitue unha

alianza destas ca alta burguesía, na que o gran capital atopa tamén a fórmula pra seguir co seu desenrolo. Na medida en que o capitalismo se sinte seguro do seu poder económico, vólvese de novo contra as clases medias e continua ca concentración de capital. As clases medias non consiguen co feixismo mais que un aplazamento.

3) Esta alianza da oligarquía cos seítors medios pódese dar tamén dentro do sistema do liberalismo parlamentario clásico. Exemplo típico : Francia.

4) A hora de considerar a toma de posición dos distintos seítors sociales cara os obxectivos revolucionarios, compre ter presente que certos grupos non se oponen a estes polos obxectivos mesmos, sinón polas dificultades de adaitación perante o período de transformación revolucionaria. A política da pequena burguesía e dos seítors medios está condicionada pola necesidade de seguridade. Polo tanto, si esa adaitación se facilita e se ofrecen garantías a eses seítors, e posibel alterar o sistema de alianzas de clas en favor do proletariado.

5) A U.P.G. considera, polo tanto, necesario ofrecer garantías ós seítors medios, así como destacar diante destes as ventaxas que o socialismo reporta pra todos. As fórmulas concretas pra realizar a orientación destes seítors adoutaranse despois dun estudo coidadoso das condicións económicas destas classes e das forzas productivas que os componentes delas poden aportar ó sistema socialista de producción.

## 6. A GRANDE EMPRESA CAPITALISTA SERÁ SOCIALIZADA DUN XEITO IMEDIATO

Como xa dixemos no punto 5, a U.P.G. mantén o principio da supresión do dereito a mercar traballo alleo. Como a grande empresa capitalista funciona sobre da base de que uns poucos homes — os burgueses — mercan o traballo dunha masa de homes — os proletarios —, a U.P.G. declara a necesidade de socializar esta forma de produción pra suprimir a esplotación do home polo home. A industria, coma o mar, coma a terra e coma o aire ten que ser de todos.

O dito non quer decir que o noso programa se adira a unha determinada fórmula de economía socialista, pola contra, a U.P.G. deixa indeterminada a maneira de orgaízar a economía. Nós non queremos manifestarnos dogmáticamente sobre deste punto, antes de que a Revolución popular trunfe na nosa terra e antes de que a nosa realidade sexa estudiada esaustivamente dentro dun criterio téinico-económico. Nós non queremos poñelo carro diante dos bois. Esto é, queremos proceder cun método marxista. Primeiro, analizala realidade económica e social da nosa área e facela revolución. Despois decidir que fórmula de dirección socialista lle acaí a Galicia. Na aitual etapa aceitamos, como posibilidades, dende o sistema de autoxestión ó de planificación estatal, así coma tódalas combinacións posíbeles. Ainda que a nosa preferencia se incline mais ben do lado dun sistema que teña como núcleo a planificación total. O que si que proclamamos é que a fórmula finalmente elixida terá que obedecer ós seguintes puntos :

1) Propiedade colectiva dos medios de producción. Este é principio básico segun o cal a propiedade capitalista será anulada radicalmente.

2) Racionalización democrática da producción. A revolución que nós queremos facer apunta a dous ouxetivos. Un, ideolóxico que consiste na abolición da propiedade privada dos medios de producción e que está expresado no punto anterior. Outro de progreso económico que consiste nunha multiplicación da riqueza industrial, nun *desenrollo* industrial ó mesmo tempo que nunha *racionalización* e nunha mellora das industrias esistentes. Este desenrollo e esta racionalización levaránse a cabo mediante a amplia participación de toda a base do país nun xeito de xestión non soio técnica sinón tamen democrática.

Do mesmo xeito que deixamos indeterminado o sistema de dirección económica, tamen nos reservamos, deica o intre en que as circunstancias económicas estean más avanzadas, o órgano de poder público (parroquial, municipal, comarcal, nacional, ou federativo) do que ha depender ademais administrativamente cada tipo de empresa.

A socialización imediata non quer decir que o Estado teña que asumir a dirección das empresas denantes de que estea capacitado pra facelo. Despois dun asalto revolucionario ós mandos políticos do país, é fácil atopar entre os asaltantes grandes líderes de masas, grandes políticos, grandes intelectuais, grandes traballadores do Partido revolucionario. O difícil é atopar eficaces e intelixentes deireitores de empresa, porque — por forza — a meirande parte deses homes militan no campo

burgués. Temos que ter moi presente, polo tanto, que a produción non se interrumpe no intre da toma do Poder polo pobo. (ver «*Terra e Tempo*» núm. 1 «Encol do punto 6»). En consecuencia o proceso de socialización será así :

1) O capital será imediatamente espropriado sin indemnización.

2) Os xerentes das empresas (ou propietarios-xerentes) e todo o personal direitivo seguirá nos seus postos en conceuto de funcionarios do Estado e, como tales serán responsábeis do mantenimento da producción.

3) O Goberno i a U.P.G. proveerán á formación acelerada de cadros direitivos de ideoloxía e militancia marxista.

4) Nos casos en que por incapacidade ou por razóns de responsabilidades políticas algún dos vellos xerentes teña que ser destituído, poderá ser nomeado pra ese posto algún outro vello direitivo, de non haber cadros socialistas en disponibilidade.

5) Estas empresas funcionarán o tempo que seña prudencial polo sistema de autofinanciación. E, mesmo, poderíase admitir perante este período de transición unha participación dos direitivos e de todo o personal nos beneficios das empresas.

6) O Goberno do pobo orgaizará un procedimento de control da produción do xeito máis rápido posibel. Igoalmente, a introducción de cadros revolucionarios na dirección será o máis rápida que se poida.

7) Cada empresa será fiscalizada dende o primeiro intre por un Comisario do pobo, representante do Goberno popular, asis-

tido dun Consello de Traballadores eleixido por sufraxio dos seus compañeiros de traballo.

8) No intre en que esto seña realizábel téinicamente, a produción industrial será reorgaízada dacordo ca fórmula socialista elexida polo pobo.

9) No intre de levar a cabo a reestroituración socialista da producción industrial, e calisquer que seña o sistema de xestión escollido, os vellos xerentes e direitivos poderán permaneceren nos seus postos, sempre que estean téinicamente capacitados, e — por suposto — na medida en que estean dispostos a colaborar na construción do socialismo en Galicia.

## **7. A ORGANIZACION ADEMINISTRATIVA DO AGRO GALEGO TERA POR NUCLEO AS AGRUPACIONS TIPO PARRQUIA, QUE SE INTEGRARAN NA BISBARRA. O TERRITORIO URBAN SERA ADEMINISTRADO POR CONCELLOS, COMPOSTOS DE DISTRITOS**

O aitual sistema ademinstistrativo que soporta Galicia non se corresponde, en nada, ca realidade do país. Galicia dende o punto de vista da ademinstistración non existe. Existen catro provincias sin ningún vencellamento entre elas que dependen directamente do poder central. A provincia de León e a de Lugo están tan relacionadas ademinstistrativamente como a de Lugo ca da Cruña. A imitación mecánica da división departamental francesa sirveulle ós imperialistas hespaños, como unha grande arma pra desdibuxaren a nosa realidade nacional. Estas provin-

cias divídense, en canto a ademinstistración local en municipios. O municipio é unha entidade que se corresponde ca realidade castelán, donde hai grandes pobos concentrados. Pero en Galicia donde a poboación está moito más diseminada, a entidade natural é a «parroquia». No noso país, o municipio soio se adapta á realidade das grandes e pequenas vilas.

A U.P.G. considera que a supresión das catro provincias galegas é o primeiro paso a dar de cara a unha real organización ademinstistrativa de nosa nación. Esta operación farase en diversas etapas mediante a fusión das atuás Diputacións, servicos, xefaturas, e delegacións provinciais nos correspondentes orgaísmos de ámbito galego. Non é agora o intre de lexislar en materia ademinstistrativa. Esto farase no seu día. O que agora compre é definir as liñas xerás dunha adaptación do sistema ademinstistrativo á realidade socio-económica de Galicia.

Outro paso a dar será no que fai á división interior de Galicia. Suprimidas as provincias, habería que estudar, sobor da realidade, unha división en bisbarras. Galicia será pois dividida en unidades tipo bisbarra (tales coma o Valadouro, a Terra Cha, o Baixo Miño, o Ribeiro, Bergantiños, etc.) que abarcarán todo o seu territorio rural. Cada bisbarra estará formada por unha asociación de parroquias. A parroquia, como dixo Castelao, ten de ser a «célula vital da organización campesina» («Sempre en Galiza»), baixo a presidencia dun vigairo eleixido polos veciños, asistido pola asamblea de todos os veciños maiores de edade que, en concello aberto, tomarán as decisións. O Estado proporcionaralle á parroquia a asistencia téinica necesaria e a

U.P.G. constituirá células a nivel parroquial que levarán o traballo político e orientarán á maioría da poboación.

Nas grandes e pequenas vilas, o orgaísmo local será o concello ou municipio, co seu alcalde ó frente e a sua cámara municipal formada por concelleales elixidos polo pobo. Nós pretendemos unha autonomía municipal meirande que a actual. Dado o grande desenrollo das nosas grandes vilas, os recursos municipás de hoxe non abondan pra unha urbanización e pra unha racionalización axeitadas. Non embargantes a política urbán da U.P.G. consistirá en dous pasos fundamentais :

1) Unha Lei de Reforma Urbán, semellante á de Cuba, que regule a amortización das vivendas alugadas mediante o capital pagado ó dono en conceito de aluguer, de xeito que, ó ter satisfeito ó dono o precio de custo e un beneficio prudencial, a vivenda pasa a poder do inquilino. A nova construcción será esclusivamente estatal. Somentes así quedará solucioado o problema do aloxamento.

2) O chan da vila será nacionalizado e o Estado concederalle o seu uso ó municipio. Pensamos que somentes así se pode levar a cabo un plan de ordeación urbán e planear unha cidade á medida do home e non á medida do especulador.

O territorio urbán estará composto por distritos autónomos. Do mesmo xeito terán autonomía, dependendo do municipio, as parroquias rurais que o arrodean.

No que fai á parroquia, municipio e comarca, a U.P.G. considerase continuadora do programa do desaparecido Partido

Galeguista que dí : «3º Plea autonomía municipal, recoñecendo a persoalidade ademinitrativa da parroquia rural e da comarca con dereito á adeministración dos seus peculiares intereses». Do mesmo xeito, o Estatuto refrendado polo pobo en xunio de 1936 reclama no Título III a) «A orgaización e réxime local de Galicia, sobre as bases do recoñecemento de persoalidade xurídica á parroquia rural e plea autonomía do municipio ; e a división do territorio ós ditos efectos».

## 8. A EDUCACION ESTARA O SERVICIO DO POBO

A U.P.G. considera que unha profunda e rápida reforma do insino é un dos ouxetivos imediatos dunha revolución socialista e cicáis a condición máis importante pra o seu enraizamento. A reforma do insino será, xa que logo, o labor ó que o socialismo galego adicará os seus mellores esforzos, mostrándose intransigente na sua consecución.

Non podemos, dentro do presente programa, facer un planteamento total do insino na nova Galicia e moito menos elaborarmos un plan de estudos. Pero de todos xeitos queremos sinalar os principios ós que se ten, por forza, que axustar o futuro sistema educacional, e que son tres :

1. O insino será estatal.
2. O insino será gratuito.
3. O insino será obligatorio.

No que fai ó primeiro principio manifestamonos intransigentemente enemigos do insino privado. Como empresas capitalistas que son (disfrazadas co falso barnís do humanismo dócente) os colexios i escolas privadas de todo tipo pasarán a poder do Estado e os seus locás serán nacionalizados. Os seus antigos propietarios, de estaren debidamente capacitados, e titulados, poderán traballar nos seus centros laborás docentes en calidade de funcionarios do Estado.

O decirmos que o insino será gratuito non se nos oculta o enorme esforzo económico que o Estado socialista terá que facer inicialmente. Pero pensamos que é unha inversión e un esforzo precisos pra acadar o seu fin en si — a educación de *todo* o pobo — e ademais unha condición indispensábel pra o desenrollo téinico i económico.

Derradeiramente coidamos que o insino, pra sere total e masivo, ten que ser obligatorio deica un grado equivalente ó Bachelerato superior. A educación é un ben público do que ningún pai pode privar ós seus fillos. Calisquer neno galego poderá estudar calisquer especialidade téinica ou universitaria pra a que estea capacitado. O fillo do labrego poderá ser experto en xenética e calisquer fillo de inxenieiro poderá ser peón si a sua capacidade mental non lle permite outra cousa.

Por outra banda, a U.P.G. condena toda das de discriminación sexual. Os nenos e as nenas deica os niveles mais altos, recibirán as mesmas insinanzas, nos mesmos centros e nas mesmas aulas. O principio da igoaldade dos dereitos do home

e da muller, manterase dende o primeiro intre, e non se lle dará á nena ningún tipo de instrución especial que tenda a especializala nos traballos domésticos. Agardamos, con esto, que a muller galega medre nun clima de igoaldade e independencia que a libere da postración en que a tuveron enfouzada os prejuicios patriarcales, os escrúpulos clericais, o atraso e a miseria.

Dende o primeiro insino as materias teóricas alternaránse cas prácticas, especialmente co aprendizaxe dun oficio manual, cousa obligatoria pra toda a poboación.

Mesmo si Galicia se integra nunha federación ibérica ou europea, o estudo da economía aplicada ás condicións de Galicia terá un lugar importante nos plans de insino. Introducirase tamen o estudo xeneral da socioloxía, da agricultura e da sexualidade.

O sistema do insino debe tender, en tódolos niveles e ponlas, incluída moi especialmente a instrución profesional, á supresión da forma aitual da división do traballo, seguindo neste os principios esenciás do humanismo marxista. Procurarase unha combinación óptima entre formación xeneral i especialización que satisfaga ó tempo as eisixencias do humanismo e mais as do desenrollo teinolóxico.

As insinanzas téinicas superiores adaitaránse ás eisixencias da produción en cada etapa do desenrollo económico.

A universidade de Compostela será o orgaísmo máisimo da docencia en Galicia. Poderá manter facultades noutros lugares do país e, ó seu redor, estableceráse un Seminario de Estudos Galegos que constituirá — intimamente ligado ó insino — un complexo de institutos de investigación de cada unha das ponlas da cencia. O número de investigadores e de profesores do Seminario e da universidade será tan grande como seña necesario pra a división dos cursos en grupos, como máisimo de 10 alumnos, especialmente nas clases prácticas e nos seminarios particulares.

Os estudantes universitarios e téinicos terán uns coñecimentos xerais comúns. Sobre da base destes coñecimentos xerais ergueránse pirámides de especialización progresiva. Cada estudiante elaborará o seu propio plan de estudos dentro de certas condicións xerais. Os estudantes, corporativamente, terán participación na dirección da universidade e centros téinicos, e mais na confección dos plans xerais de estudos.

Os traballadores do insino, en tódalas suas categorías, precisarán un tíduo universitario e seguirán, ademais, cursos de Pedagoxía e Didáctica na Escola Normal. Pra que lles seña autorizado o exercicio da docencia deberán acreditar tanto como a sabiduría, a formación e dotes pedagóxicas.

Nunha primeira etapa levarase a cabo unha campaña pra a estinción do analfabetismo e a formación dos adultos. A divulgación cultural e as Escolas e Universidades Populares pra adultos terán tanta importancia como o insino ordinario.

## 9. O IDIOMA OFICIAL DE GALICIA SERÁ O GALEGO, DE INSINO OBLIGATORIO

O lingoaxe é o atributo fundamental do home, o que posibilita a sociedade e, xa que logo, o que posibilita a condición humán. O idioma é a caraterística fundamental entre as que distinguen unha nacionalidade.

O insino primario débese dar na lingua materna do neno, na que fala na sua casa, como din claramente todos os pedagogos modernos e a doutrina da UNESCO. Polo tanto, o insino nas escolas rurás darase, dende o primeiro intre, en galego, podendo os nenos posteriormente adeprender o castelán e outro idioma moderno, como asignatura. Nas escolas donde predominen nenos de lingua materna castelán, o parvulario farase en castelán, e a partir do castelán adeprenderan posteriormente o galego. Queremos que o galego chegue a ser a lingua habitual de toda a poboación galega e que toda a poboación galega coñeza tamen o castelán e outra lingua moderna (Ruso, Inglés, Francés ou o que se acorde no seu día).

Os documentos do Estado galego serán redactados en galego. Os documentos da Federación á que cheguemos a pertenecer, serán traducidos ó galego pra o seu uso en Galicia.

O pobo traballador (proletarios, labregos e mariñeiros) fala galego na sua inmensa e ausoluta maioría. As clases medias e a burguesía de Galicia falan o idioma oficial : o do Estado anti-galego e a sua fala é un símbolo esterior da sua superioridade social. En consecuencia, existe un complexo de inferioridade

linguistico con relación ó galego que se deriva das condicións de vida baixo o colonialismo e imperialismo de Castela, baixo o despotismo uniformista borbónico e baixo o centralismo burgués : o castelán é a fala dos señoritos, o galego é a fala nosa, a fala dos traballadores.

Pra liberar ó pobo galego da sua esclavitude política e social hai que o liberar deste complexo, que é consecuencia de aquela esclavitude. Pra escomenzarmos, toda a propaganda da U.P.G., Partido dos traballadores de Galicia, estará redactada en galego.

O noso programa, en materia de idioma, pretende resolver os problemas do pobo e da nación galega, non crear problemas á poboación que non fala a lingua do país. Por tanto, nunha primeira etapa, o galego será cooficial co castelán.

#### 10. A LIBERACION NACIONAL GALEGA NON DESBOTA O VENCELLAMENTO FEDERATIVO DE GALICIA OS DEMAIS POBOS DA PENINSULA, DE EUROPA E DO MUNDO

A U.P.G. non é separatista. E humanista, revolucionaria e internacionalista. Aspira á unión de tódolos traballadores do mundo, por riba das barreiras de estados, e cree na irmandade e identidade de tódalas nacións do mundo. Neste senso coidamos que a nosa liberación nacional é ante todo, a recuperación do poder sobre nós mesmos, poder que nos foi sustraído polo imperialismo castelán, polo cesarismo borbónico e polo centralismo burgués. Esta liberación nacional comporta o de-reito á autodeterminación como temos dito no punto 1. Pero a

U.P.G. insiste en que, á hora de escoller o noso destino, debemos preferir unha unión federativa co resto da Península ibérica. O que supón que Euzkadi e Catalunya se teñan liberado do centralismo burgués e teñan escollido a vía da federación das nacións ibéricas. Supón, asimesmo, que Portugal teña decidido unirse tamén a esta federación ibérica. Nós desexamos que esto ocurra e, nesta liña, tentaremos de procurar sempre o aliñamento cas forzas progresistas de Euzkadi e Catalunya — irmáns na opresión — pra combatirmos xuntos ó Estado hespánio que nos aferolla. Das ruinas dese monstro burgués e racista, que praiticou sempre contra nós o mais venenoso «apartheid» nacerá a federación ibérica que nós arelamos ; a unión europea socialista que nós arelamos e a unión mundial que terá de vir algún día, presupón tamen a estinción e a ruina da Hepsaña burguesa.

Dos órganos lexislativos da federación, un polo menos (Cámara Alta) estará integrado por representantes das nacionaldades ibéricas — ou dunha federación más amplia — con total igualdade de dereitos, sin ter en conta o poder de cada unha, nin a sua poboación. O Estado GGalego terá a soberanía en Galicia, podéndolle transmitir á federación tantos poderes como resulten necesarios pra a organización da vida en común. Do mesmo xeito a federación poderá transferir poderes a unha or-ganización mundial que regule a convivencia dos pobos dentro da paz, da axuda mutua e do socialismo. En particular, Galicia transferirá poderes de tipo económico pra facer posibel unha planificación socialista, que no interés de todos, utilice axeitada-

mente as posibilidades de división do traballo entre as rexións económicas da Península, de Europa ou do ámbito da Federación.

Como revolucionarios aspiramos á instalación do socialismo en todo o mundo. Ademítimos que de xeito transitorio pode instaurarse nunha soia nación. Pero comprendemos que tanto máis poboada e económicamente forte seña unha unidade política socialista, mais probabilidade ten de non sere derrubada polo imperialismo e máis polo capitalismo. O noso desexo e, xa que logo, que o socialismo trunfe en toda a Península, en toda Europa e estamos dispostos a colaborar con tódalas forzas que aceiten, como principio a nosa liberación nacional e o socialismo.

Os dereitos políticos dentro do Estado galego corresponderán ós cidadáns galegos. A medida e o xeito en que persoas de outras nacionalidades ibéricas ou de calquera parte do mundo residentes en Galicia poderán participar neses dereitos, será determinada polos traballadores galegos.

## O NOSO NACIONALISMO

### 1. NACION

a) Nación é unha comunidade estable históricamente formada, con territorio propio, idioma propio, estrutura socio-económica propia e diferenciada e uns hábitos sicolóxicos propios que se refreixan nunha comunidade de cultura.

b) A nación é, pois, unha realidade oxeitiva cuia esistencia non depende de ningún proceso voluntarista. Como tal realidade oxeitiva debe ser o punto de partida de todo análisis real e concreto.

c) Aclarado este punto, compre profundizarmos nos problemas que se prantexan dentro da comunidade galega. Non se pode tratar o problema nacional en astraito, pola contra, débese de analizar dende unha perspectiva de clas.

d) Agora ben, todo análisis parte dunha *situación concreta*. No noso caso os problemas de clas danse dentro dunha comunidade concreta : Galicia non admite a importación de esquemas, ainda que é totalmente imprescindible aproveitarmos a esperencia revolucionaria de todos os países no decorrer do tempo ; pero toda contradición toma uns aspeitos concretos e diferenciais no noso país dados pola propia evolución histórica galega.

e) Por eso os traballadores galegos precisamos dun Partido galego que traballe sobor da realidade galega, sobor da base da sua independencia teórica e práctica de calisquer outro Partido ou dirección, establecendo non embargantes as suas relacións a partir dos principios do internacionalismo proletario e da solidaridade con todos os pobos asoballados polo imperialismo.

## 2. NACIONALISMO, LOITA POPULAR

a) En principio o noso nacionalismo ten a sua base na realidade nacional galega, nas contradicións de clase que se dan nela.

b) Agora compre distinguir entre *ideoloxía* nacionalista e *movimento* nacionalista (nacional-popular).

c) Toda ideoloxía nacionalista en principio é algo indeterminado. Unha ideoloxía nacionalista parte de un análisis astracto do feito nacional, sin analizar e dar unha solución de clas ; e na maioría dos casos básease nunha gran dosis de chovinismo perfeitamente utilizado polas clases esplotadoras pra enmascararen a sua esplotación e os antagonismos de clas dentro do pais.

d) Un movimiento nacionalista (como movimiento popular que é) ten unha sifificación de clas concreta en cada situación historica e refreixa no seu seno as contradicións de clas da sociedade na que se desenvolla. Estas contradicións no seno do movimiento non son necesariamente antagónicas, pola contra, si a dirección *real* do movimiento é atinada serán as propias

contradicións as impulsoras e a sua síntese superadora representará un salto cualitativo no proceso do desenvolvemento do movemento.

e) Nunha determinada época (por exemplo a revolución francesa) a burguesía era capaz de dirixir un movimiento popular, este movemento representaba os intereses da burguesía ascendente e de todas as capas antifeudales. Hoxe, a burguesía é historicamente caduca ; somentes unha das consecuentemente revolucionaria — o proletariado — pode dirixir un movemento popular.

f) Un auténtico movemento popular nace da aitividade direita do proletariado. Agora ben, un seitor pequeno-burgues radicalizado pode dirixir un movemento popular, tendo en conta ademais que na etapa imperialista actual as contradicións están particularmente agudizadas e sobor de todo si o proletariado se atopa dirixido por unha dirección reformista (caso cubano).

g) O movemento nacional-popular galego que hoxe representa a U.P.G., dadas as claras condicións ouxetivas do noso país, ten un contido de clas case evidente. A feble burguesía galega é levada pola propia dinámica do proceso a acentuar a sua dependencia da oligarquía hespañola sendo, polo tanto, *estratéxicamente* incapaz de dirixir o movemento nacional-popular galego, ainda que *tácticamente* pode introducir no seno do movemento a sua ideoloxía reacionaria ; mais ca dirección atinada dos traballadores galegos e a progresiva agudización das contradicións, a política burguesa será desplazada polas masas populares galegas.

### 3. NACIONALISMO, LOITA ANTIIMPERIALISTA

a) Unha vez asentada a burguesía no poder político as relacións de producción capitalistas caracterizan o noso tempo. O capitalismo foi pasando por cada unha das suas etapas : mercantil, industrial, deixa á aitual financeira e a propia dinámica do sistema capitalista de ampliar de cada volta máis o beneficio, o leva, ó asoballamento dos países mais atrasados pra lles zumar a sua riqueza e crear novos mercados pra os seus produtos.

Nesta primeira fase imperialista as distintas potencias e grupos imperialistas chegan ó enfrentamento armado (primeira guerra mundial) pola redistribución das colonias. Eiquí aparece xa o sistema imperialista como un sistema mundial. No decorrer do tempo prodúcese unha nova crise que se resolve na segunda guerra mundial de redivisión do mundo colonial e que trai como consecuencia a hexemonía da superpotencia ianki e a supeditación das demáis potencias imperialistas ás suas diretrizes.

Hoxe os U.S.A. representan o sistema capitalista mundial, polo tanto a loita contra os U.S.A. e o imperialismo é a loita contra o sistema capitalista mundial.

O imperialismo é a reacción mundial ; contra del érguese : o campo socialista, o proletariado internacional e todas as masas populares do mundo que loitan contra do capitalismo internacional.

b) Pra ver o papel que as revolucións nacional-populares, xogan neste enfrentamento mundial, compre diferenciar moi

nidiamente o nacionalismo da nación opresora e o nacionalismo da nación oprimida.

O nacionalismo da nación *opresora* ten como base o chouvinismo e como fin a esplotación dos países *oprimidos*. Esto é así en tódolos casos, dende o nazismo deixa os novos xeitos feixistas dos U.S.A. Esta ideoloxía sirve directamente os intereses da oligarquía do país opresor que trata :

- 1º de xustificar o roubo das riquezas dos demás países ;
- 2º de enmascarar as propias contradicións de clas, sobornando unha parte do seu proletariado cunha parte da riqueza roubada ós traballadores das colonias.

O nacionalismo da nación oprimida é un movemento popular, que ainda que conserva certos rasgos comúns co movemento democrático-burgués, como é a reivindicación dun *estado-nación* independente, ten na etapa imperialista unhas características que o fan radicalmente distinto dándolle un contido de clas diferente :

1º Porque loitando pola independencia nacional quítalle ó imperialismo a propia base da supervivencia imperialista — as colonias — ó mesmo tempo que agudiza as contradicións no seno do propio país imperialista.

Deste xeito a loita popular pola independencia nacional pasa a ser ouxetivamente un aliado da revolución socialista mundial, xa que loita aktivamente contra o principal enemigo do socialismo e do proletariado internacional ;

2º Sendo o proletariado a única clas históricamente capaz de dirixir consecuentemente, as loitas nacional-populares tenden, no decorrer da loita, cara ó socialismo, porque os seus oxetivos son fondamente democráticos e de dirección socialista positiva.

Galicia é pais asoballado pola oligarquía hespañola, representante do imperialismo no Estado Hespañol; polo tanto o movemento nacional-popular galego representa oxetivamente os intereses dos traballadores galegos i é unha parte da loita internacional polo socialismo.

#### 4. NACIONALISMO, LOITA DE CLASES

a) En principio podemos afirmar que cada proceso social ten o seu propio contido de clas, refreixando no seu seno as contradicións de clas esistentes na sociedade na que se desenvrola.

b) Cando se analiza o contido de clase dun movemento popular compre non ficar nun análisis aislado e suxetivo do movemento en canto tal sinón ver a situación histórica na que se desenvola, a situación mundial, e a correlación das forzas en presencia.

c) Compre asímesmo analizar o proceso na sua totalidade, esto é, estudar as posibilidades reais i o sentido da sua evolución.

d) O movemento nacionalista galego tivo en cada etapa histórica un contido de clas diferente representando sempre os intereses das clases que o dirixían.

Hoxe o movemento presenta o seguinte contido :

1º Son varias as classes interesadas na revolución nacional-popular.

2º Estas classes teñen oxetivos comúns — Estado nacional galego, democrático e popular e teñen enemigos comúns : o imperialismo, a oligarquía hespañola e o seu titere franco.

3º A revolución proletaria (socialista) ten pra se poder prantexar eficazmente, que eliminar tódolos problemas de clas que a dificultan.

4º Soio a revolución nacional-popular pode resolver os problemas que impiden o prantexamanto inmediato do socialismo.

5º Non é ningunha concesión estratégica do proletariado cara ás outras classes, xa que unha loita antiimperialista e antioligárquica leva aparellada a necesidade da dirección proletaria sendo de feito prácticamente imposibel que permañeza no cadre dunha revolución democrático-burguesa.

6º A revolución nacional-popular demostra na práctica histórica o grande principio que como dixo Marx distingue a revolución proletaria de tódalas anteriores : que o proletariado non soio conseguirá a emancipación da clase obreira sinon tamén a de tódalas classes i a da sociedade no seu conxunto.

## REVOLUCION GALEGA

A) Tras dun estudo do desenrollo histórico do noso país podemos afirmar que, dadas as condicións de opresión colonial, Galicia non coñeceu a revolución burguesa e que polo tanto nunca esisteu unha burguesía autónoma galega.

B) A evolución socio-económica galega quedou castrada polo carauter colonialista da política española, e como consecuencia apareceu unha élite colonial que foi o xérmen da actual burguesía galega, que en ningún intre tivo capacidade política nin forza económica pra sacudir o xugo colonial.

C) Hoxe, na nosa realidade socio-económica danse, ó lado das características dun país sometido polo *vello* colonialismo (refreixado no feito da inexistencia dunhas formas políticas autónomas — Estado Nacional Galego — e no subdesenrollo endémico no que a oligarquía española manteñ o noso país), as características propias dun país oprimido polo imperialismo (economía *dual* que mentras produz un grande desenrollo no seutor dos servicios, manteñ as estruturas precapitalistas no campo, doutra banda á oligarquía española non lle interesa de ningunha maneira a creación dunha auténtica base industrial en Galicia).

D) Eisí, a nosa patria atópase nunha situación de subdesenrollo (que en algúns seutores chega á auténtica miseria) e dase a coesistencia de formas precapitalistas (tódalas amplias masas de labregos i artesáns e algunha pequena zona da mariña) con formas capitalistas mais ou menos desenroladas. As relacións económicas que prevalecen son as capitalistas, polo feito de atoparse Galicia integrada nun Estado no que as relacións fundamentás son as capitalistas.

E) Como consecuencia desta situación, as clases no noso país non están claramente delimitadas i esisten moitas interrelacións e unha grande flesibilidade e movilidade nos límites.

Tentaremos a grandes rasgos de asinalar as clases na sociedade galega, cas suas carakterísíticas mais acusadas.

**BURGUESIA MEDIA.** — Posee casi tódolos seus intereses económicos dentro do país, e pola sua situación respecto da oligarquía ten un doble caráuter : Por unha parte está supeditada ás diretrizes oligárquicas e pra o bon fin dos seus intereses cómprele unha estreita colaboración con ela, por outra o proceso de concentración e de progresiva centralización fai que poidan aparecer certas contradiccións entre esta clas e a oligarquía española e a política centralista.

Hoxe ainda non podemos coñecer ben as posiciós que adoutará frente á loita de liberación, pero dada a sua grande debilidade podemos xa asegurar que as suas reaiciós serán sempre moi indecisas.

*PEQUENA BURGUESIA.* — Dun xeito xeral temos que diferenciar douis tipos específicos :

a) Un que chamaremos *vella* pequena burguesía que se atopa inmersa nun proceso de desaparición (pequeños industriais, pequenos comerciantes, etc.) cuias contradiccións ca oligarquía española agudizanse cada vez máis e que a única posibilidade de supervivencia como clase que lle queda é a revolución nacional-popular.

b) A *nova* pequena burguesía, que se atopa en auxe, e que nace do propio proceso de evolución neocapitalista (téunicos, oficinistas, etc.) que se atopan nunha situación de semiproletarios ; pero que participan, en certo grado, da ideoloxía burguesa. Non embargantes o subdesenrollo do noso país fai que este seutor non teña ainda unha grande importancia coantitativa.

Por outra banda dentro desta clasificación xeral compre diferenciar tres tipos, que teñen unhas caracerísticas peculiares dadas mais que pola sua situación económica pola sua situación digamos xeográfica :

1. — *Urbana*. Na sua maioría pertenece á *nova* pequena burguesía ; pode chegar a constituir unha amplia masa popular alineada do lado do proletariado industrial.

2. — *Vilega*. A sua proximidade ó campo dalle uns xeitos caracerísticos. Ten unha grande importancia polo feito de que no noso país son moi numerosas as pequenas vilas, que teñen ademais unha grande incidencia sobre do campo.

3. — *Campesina*. Afincada no campo padece boa parte da caótica situación deste ; as contradiccións que ten co campesiñado son mínimas comparadas cas que ten ca oligarquía.

*CAMPESINADO.* Representa perto do 70 % da poboación galega. O campesiño galego atópase nunha situación quasi-feudal, nunha situación de esprotación e de miseria dinas da Edade Media. E o campesiño quén mais directamente padece a opresión imperialista da nosa Patria. Por eso é o campesiño o gran arsenal da revolución nacional-popular.

Pero como clase non ten capacidade histórica pra dirixir correetamente o movemento ; necesita a dirección da única clase capaz e consecuentemente revolucionaria : O proletariado.

*PROLETARIADO.* Representa aprosimadamente o 20 % da poboación. Froito da nosa situación o proletariado galego ten unha configuración bastante complexa. Imos distinguir esencialmente tres tipos de obreiros :

1. — *Industrial*. Situado en tres núcleos importantes (Ferrol, A Cruña, Vigo) representa a parte máis preparada e combativa, e ainda que o movemento organizado está nos seus comezos, está destinado, á larga, a ser a cabeza da revolución nacional-popular. A sua relativa debilidade coantitativa ven en certa forma compensada pola sua relativa concentración.

2. — *De taller*. Traballa na vella situación patronal, e na sua gran maoría está situado nas vilas. Son todos eles de procedencia labrega i a sua vinculación co campo é moi forte.

3. — *Mariñeiro*. Dentro da mariña distínguese unha parte que traballa nas grandes empresas con división do traballo, e por outra a grande maioría que traballa en unidades produtivas pequenas. Plesia a que pola sua concentración lembran respeitivamente cada unha das divisiós anteriores as suas específicas condiciós de traballo distíngueos moi nidiamente delas.

F) Das condiciós establecidas deica agora e deste cativo análisis que vimos de facer podemos concluir resumindo que :

A contradicción entre opresores i oprimidos — o imperialismo, a oligarquía hespánola, os seutores medios antinacionais e tódolos seus aliados *contra* o pobo galego cos seus traballadores ó frente — é o enfrentamento entre Revolución e Contrarrevolución.

¿ Cál será o camiño da Revolución Galega ?

1º A loita do pobo oprimido contra os seus opresores *non* poderá ser estritamente socialista porque :

A) non eisiste nin a base industrial nin o desenrollo téinico que permitan a edificación dunha economía socialista ;

B) na loita revolucionaria, a única posibel i eficaz que hoxe podemos plantear na comunidade galega :

a) non soio loitará o proletariado, e cada clase ten as suas reivindicaciós específicas e móvese polas contradiccións que lle son propias ;

b) Dada a debilidade *coantitativa* do proletariado industrial temos — os traballadores galegos — que atraermos ó campo revolucionario a tódalas capas populares, cuios problemas e contradiccións impiden o prantexamento imediato do socialismo.

2º A revolución galega *non* poderá ser *democrático-burguesa* porque :

a) O imperialismo (capitalismo internacional) impedirá calisker intento de implantación dun capitalismo nacional ;

b) Pola incapacidade de dirección da feble burguesía galega.

Polo tanto a Revolución Galiza atravesará, necesariamente, por *duas* fases : a revolución nacional-popular i a revolución socialista, que á sua vez teñen que pasar por múltiples etapas.

*Revolución nacional-popular*. — Será a loita dos labregos, obreiros, mariñeiros e tódalas amplias masas populares galegas, *dirixidas polo proletariado galego* ; sober da base da alianza estratégica dos traballadores con tódolos patriotas, contra o imperialismo e os seus aliados (opresores reales da nosa Patria).

A Revolución nacional-popular establecerá un Estado Nacional Galego, que políticamente adoutará un sistema democrático de novo tipo ; frente á democracia formal dos países capitalistas unha democracia que sirva os intereses das masas populares galegas ; unha democracia amplia e popular que exerza a ditadura sobre as capas antinacionais, sobre os enemigos do pobo galego.

Esta etapa, dirixida polo proletariado, ten xa no seu principio o xérmen socialista e a medida que se desenvole e consolide

irá creando as condicións ouxetivas (económicas, políticas e culturás) da revolución socialista.

Na Revolución nacional-popular galega en principio podemos observar duas etapas claramente definidas :

a) Etapa de *sensibilización* : dado o baixo nivel actual da conciencia nacional galega e a falta dun movemento obreiro forte, faise necesaria unha etapa na que prevalecerá dentro do traballo político o labor de sensibilización e concienciación, que encete o proceso da creación das condicións subjetivas que permitan o prantexamente eficaz dunha opción revolucionaria no país.

b) Etapa violenta ou de loita armada : a esperencia revolucionaria de tódolos países ó traveso de tempo, enséñanos ós traballadores galegos, que toda transformación social radical é necesariamente violenta ; sendo as clases reacionarias no poder as que nos fan tomar este camiño xa que elas sírvense da violencia reacionaria pra manter a opresión do pobo.

A violencia é un derecho lexítimo dos asoballados pra se liberaren do xugo da opresión. Non podemos saber hoxe as formas específicas que esta vai revestir no noso país ; pero o que si está moi claro é que haberá loita e que será violenta.

Respeuto da Revolución Socialista, soio podemos afirmar que si a dirección da etapa democrático-popular é acertada e se eliminan dende o primeiro as trabas pra o paso ó socialismo, desplazando e aislando a tódolos elementos antisocialistas, a Revolución será pacífica.

## LOITA NACIONAL - POPULAR (Separatismo, Federalismo)

Aclarado xa o noso nacionalismo i a necesidade histórica da loita nacional-popular, imos pasar ó estudo dunha serie de principios e términos políticos que compre esclarecer.

Un dos principios fundamentais do que parte toda loita de liberación, é o dereito dos pobos á autodeterminación, é decir, o dereito dos pobos a elexiren libremente o seu destino, a elexiren o propio sistema económico i o propio sistema político. Polo tanto a primeira condición esencial pra a autodeterminación dun país é a sua libertade : un pobo non pode autodeterminarse libremente si está sometido a un sistema alleo.

Agora ben, un pobo non é libre senón posee as suas institucións o que no noso caso é un Estado Nacional Galego, democrático i ó servicio do pobo.

**SEPARATISMO.** — E este un termo reacionario que tenta enmascarar o verdadeiro sentido das loitas populares. Si por separatismo se entende o feito de que os asoballados queiran sacudirse do xugo da opresión da oligarquía representada polo Estado hispánol, efectivamente os revolucionarios galegos somos separatistas.

De feito, a única unidade *real* que eisiste é a da oligarquía i a da explotación, sendo pola contra e destitadamente, as relacións entre os pobos de rivalidade e dunha tremenda insolidari-

dade ; a soia unidade que os nacionalistas queremos desfacer é a da oligarquía, destruindo o seu aparato, o Estado hespañol.

**PARTIDO UNICO.** — O partido único no Estado español é a tese sustentada polos reformistas :

a) Un soio partido non pode dirixir ó tempo as loitas nacionais-populares específicas (catro) ;

b) Sendo as loitas nacional-populares específicas de cada país (cunha parte universal, correspondente á situación histórica) a tese do partido único de feito rechaza estas loitas ;

c) A tese do partido único soio pode favorecer á oligarquía financeira, e nunca á clase obreira, pois frente a esta predicada «unidad» — inexistente — na práctica cada vez é maior a separación entre os proletarios dos países do Estado hespañol.

**FEDERALISMO.** — Na postura dos federalistas existe un erro de prantexamento.

1º O Federalismo presupón sempre a plena libertade dos federados, da que a liberación real do país é a condición «sine qua non» dun prantexamento federalista. Polo tanto a posibel discusión federalista é un problema postrevolucionario.

2º O «Federalismo» é unha forma encuberta da tese do partido único, poiso que na realidade a dirección desta federación é única e central ; e única é a liña estratéxica.

3º De feito os federalistas refusan a loita nacional-popular e negan as posibilidades revolucionarias das masas populares ó escluir a pequena burguesía.

**INTERNACIONALISMO.** — Nacionalismo e internacionalismo non son escluentes e nin xiquera se opoñen, porque :

1º A loita nacional-popular, posee unhas caraterísticas específicas do país, este é o seu carácter particular, pero ouxetivamente atópase incluída na loita internacional, este é o seu carácter internacional ;

2º A base do internacionalismo é o mutuo recoñecimento e respeto nacional. A base da loita nacional, internacional é respetar o carácter particular das revolucións nacionais, é respetar a independencia de tódolos movementos revolucionarios ;

3º As conquistas dos revolucionarios galegos, favorecen ouxetivamente as loitas dos demais países, ó debilitar ó enemigo común : o Estado hespañol. O internacionalismo básease na comunidade de intereses das loitas nacionais (ouxetivos comúns, enemigos comúns) e o respeto á independencia destas loitas é o único camiño verdadeiramente internacionalista.

Os «internacionalistas» parten dunha idealización do internacionalismo, de non ter en conta a sua base real, e frecuentemente rematan en soños de «revolución mundial». Contraponer mecánicamente nacionalismo e internacionalismo é, no fondo, pura metafísica e un antigo erro que xa Lenin lle criticou a Rosa Luxemburgo.

A loita da U.P.G. :

1º Non é separatista. E unha loita de liberación nacional.

2º E internacionalista ; a nosa loita nacional-popular é aliada do socialismo internacional.

3º Non desbotamos a posibilidade dun frente revolucionario nos países oprimidos polo Estado hespañol.

4º Alcanzada a liberación galega as relaciós con outros países poden alcanzar dende o estremo dunha independencia total deica ó dunha federación ou unha simple autonomía. Seña o que seña, creemos firmemente que as relaciós cos outros países do aitual Estado hespañol serán especialmente fraternales polas múltiples condicíos históricas, xeográficas, políticas i económicas que o aconsellan.

**LABREGOS, OBREIROS E MARÍNEIROS DE GALICIA  
UNIDEVOS !**

**TRABALLADORES DE TODO O MUNDO  
E POBOS ASOBALLADOS : UNIDEVOS !**

**VIVA GALICIA CEIBE E SOCIALISTA !**

**VIVA O INTERNACIONALISMO PROLETARIO !**

## *INTERNACIONAL*

*En pé os escravos da terra !  
En pé os que non teñen pan !  
A nosa razon forte berra  
O trunto canta en volcan  
Crebemos o xugo do pasado  
Pobo de servos, ergue xa !  
O mundo vai ser transformado  
E un orden novo vai reinar*

*Axuntémonos todos  
E a loita final  
O xénero humano  
Forma a internacional*

*bis*

*Non hai salvadores supremos,  
Nin rei, nin tribuno, nin dios  
Temos que salvarnos nós mesmos  
O pobo traballador !  
Pra que nos devolvan o roubado,  
Pra derrubar esta prisión  
Batamos no lume sagrado  
Ferreiros dun mundo mellor !*

IMPRIMERIE - EDITIONS  
LA RUCHE OUVRIERE  
10, rue de Montmorency — Paris - 3<sup>e</sup>